


EXERCICIOS TEMA 6. XEODINÁMICA EXTERNA (I): METEORIZACIÓN, SOLOS E FENÓMENOS DE LADEIRA.

1. Responde as seguintes cuestións relacionadas cos procesos externos:

- 1.1. Describe os procesos de meteorización química nos que intervén a auga. (ABAU 20)
- 1.2. Explique os axentes, reaccións e produtos da meteorización química. (ABAU 24)
- 1.3. Explica cales son os factores de meteorización física. (ABAU)
- 1.4. Describe as propiedades de textura e estrutura do solo.
- 1.5. Realiza un esquema do perfil do solo, definindo os principais horizontes.
- 1.6. Explique os principais componentes e horizontes dun solo. (ABAU 24).
- 1.7. Explique os factores de formación do solo. (ABAU 24)
- 1.8. Explique os conceptos de perfil e horizontes dun solo. (ABAU 23)
- 1.9. Establece as diferenzas entre os seguintes fenómenos de ladeira: “reptación” e “esvaramento”.
- 1.10. Explique os factores e clasificación dos procesos gravitacionais. (ABAU 22)
- 1.11. En relación aos procesos gravitacionais, explica en que consisten reptación e solifluxión.





2. Que representa a figura da dereita? Nomea os elementos delimitados polas chaves e define brevemente as súas características.
3. A fotografía inferior é dun canchal, forma da paisaxe resultante da combinación dun determinado tipo de meteorización de dun fenómeno de ladeira.



- a) Que é un canchal?
- b) Que proceso de meteorización é o responsable da fracturación da rocha? Explica en que consiste.
- c) Que fenómeno de ladeira acontece?

4. Na imaxe inferior tes representado un determinado proceso que aconteceu tras un periodo de fortes choivas.
 - a) De que proceso se trata e a que tipo de material adoita afectar?
 - b) Que papel xoga a auga no proceso?



5. Define: (ABAU)
Reptación – Hidrólise – Crioclastia – Solo – Xelifracción